

PLAN DE IGUALDADE CEIP DE VIÑAGRANDE-DEIRO

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 12/11/2019

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 12/11/2019

DATA REMISIÓN Á INSPECCIÓN: 13/11/2019

ÍNDICE

1. Introducción	2
2. Contextualización normativa e do centro	4
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia	8
4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan	10
4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	10
4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero	10
4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual	11
4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia	11
5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos	11
5.1. Organización do centro	11
5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes	12
5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo	12
5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar	13
6. Seguimento e avaliación	13
7. Glosario	13

1. Introducción

A educación para a igualdade de xénero fundaméntase nos valores éticos de liberdade, igualdade, respecto, solidariedade e diálogo, e ten como obxectivo que o alumnado se desenvolva dentro dun modelo social igualitario.

Somos conscientes de que o alumnado se desenvolve en diferentes contextos (familiar, escolar, comunitario, medios de comunicación, redes sociais) e de que estes contextos, en medida diferente, realizan unha socialización de xénero na que se atribúen valores, crenzas, emocións ou comportamentos axeitados socialmente segundo se trate dun home ou dunha muller.

O centro é un deses contextos de socialización de gran influencia, polo que estase a realizar unha análise da súa situación de partida coa fin de dar resposta, e consolidar, unha liña de traballo que se caracterice pola introdución da perspectiva de xénero, tanto nas aulas, coma no resto dos espazos nos que desenvolve a actividade do alumnado. Asemade, tamén se pretende ser punto de partida para incidir nos demais contextos cos que o alumnado establece contacto.

Dende o curso pasado creouse unha comisión de igualdade dentro do seo do Consello Escolar e estanse a realizar actividades promovidas tanto pola ANPA e comisión de Igualdade como polo profesorado.

Estas actividades teñen en conta os diferentes axentes de socialización:

a) Familia

A familia é o axente socializador máis relevante na vida dunha persoa. No entorno familiar é onde se forman os primeiros vínculos afectivos e se aprenden comportamentos, valores, opinións e crenzas coas que unha persoa se presenta posteriormente noutros contextos, como por exemplo a escola.

É por iso que o centro ten organizadas actividades dirixidas á familia.

b) A escola

A relevancia deste contexto atópase no seu papel fundamental no proceso de socialización, xa que nos centros de ensino o alumnado intégrase en novos grupos sociais (grupos de iguais, grupos internivelares) e experimentan novas relacións con adultos (profesorado, conserxe,

outras nais e pais,...).

A institución educativa ten un papel moi destacado no proceso de adquisición dos modelos de comportamento que aprenden as persoas respecto aos patróns de relación entre homes e mulleres. O profesorado convértese en modelo para o alumnado que pode influír, directa ou indirectamente, nos seus intereses e motivacións, na súa percepción de autoeficacia, autoestima e nos seus logros académicos.

É por elo que tamén se están desenvolvendo actividades de formación para o profesorado.

c) Os iguais

No contexto escolar o alumnado organízase en grupos dentro das clases e a súa tendencia á hora de establecer contacto cos iguais parte da observación de comportamentos e actitudes cos que se identifican, emerxendo a cultura da que proveñen (contexto familiar).

O obxectivo é que, a partir do traballo docente, de obradoiros, de contacontos, do role playing, etc. o grupo desenvolva unha actitude crítica que lle permita deixar atrás actitudes e comportamentos que non favorecen a coeducación.

d) Internet e as redes sociais

Internet e as redes sociais virtuais transformaron a lóxica das relacións sociais establecidas de tempo e espazo, e pasaron a converterse en axente socializador que fomenta unha pobre representación da muller e promove a imaxe estereotipada dos roles de xénero, incluíndo imaxes pouco realistas de corpos de homes e mulleres nos seus contidos.

Dende o centro procurarase realizar unha análise do uso que fai o alumnado da internet (por exemplo, os videoxogos) e ofrecerlle un punto de vista diferente que cuestione os modelos ofrecidos.

Asemade, tamén haberá formación neste eido para concienciar ás familias da importancia de coñecer o uso da internet que realizan as súas fillas e fillos.

Coeducar ou educar en igualdade supón un modelo educativo que se fundamenta no respecto ao principio de igualdade entre mulleres e homes, polo que será necesaria a súa presenza en todos os elementos que interveñen no proceso educativo: contidos curriculares, práctica docente

e relacións interpersoais entre a comunidade educativa.

2. Contextualización normativa e do centro

A ONU parte da convicción de que a consecución da igualdade entre nenos e nenas no sistema educativo está sustentada no cumprimento dos principios fundamentais dos Dereitos Humanos.

Neste contexto, aprobouse no ano 2000 a Declaración do Milenio, comprometéndose aos países a crear unha alianza mundial para a consecución dunha serie de obxectivos, entre os que se atopan “ *...promoción da Igualdade entre os sexos e empoderamento da muller*” cuxa meta se traduce na eliminación das desigualdades entre os xéneros .

O marco lexislativo actual obriga a introducir a perspectiva de xénero e a velar polo cumprimento do principio de igualdade real entre mulleres e homes no ámbito educativo.

ÁMBITO ESTATAL

a) Constitución Española de 1978:

Artigo 9.2: “*...corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade ea igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social*”.

Artigo 14: “*os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación por razón de (...) sexo (...)*”.

b) A LOMCE

A Lei Orgánica 8/2013, de 3 maio, de Educación contempla en varios apartados o tema da igualdade entre homes e mulleres.

Preámbulo: “*...só un sistema educativo de calidade, inclusivo, integrador e esixente, garante a igualdade de oportunidades e fai efectiva a posibilidade de que cada alumno ou alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades*”.

Artigo 1: “*...o sistema educativo debe favorecer o desenvolvemento na escola dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia*

de xénero”.

Artigo 23. c :*“Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres”.*

Artigo 33.c: *“Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade”.*

No Artigo 66.3.g : *“Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, así como analizar e valorar criticamente as desigualdades entre eles”.*

Artigo 78. Normas de organización, funcionamento e convivencia: *“Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa, que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, na orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas terán a cualificación de falta moi grave e levarán asociada como medida correctora a expulsión, temporal ou definitiva, do centro”.*

Artigo 84.3 *“En ningún caso haberá discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”*

No Capítulo III, sección primeira, o Consello Escolar, podemos atopar os seguintes artigos relacionados con este tema:

Artigo 126.2 *“Unha vez constituído o Consello Escolar do centro este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres”.*

Artigo 127.g *“Promover medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos entre todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social”.*

ÁMBITO AUTONÓMICO

Estatuto De Autonomía De Galicia (1981):

Artigo 4.1: “...poderes públicos, desenvolverán accións encamiñadas a promover as condicións de igualdade, remover obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude”.

Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres.

Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia (2014).

Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro: Convivencia e participación da comunidade educativa .

Decreto lexislativo 2/2015 de 12 de febreiro. Capítulo IV: A educación e a formación para a igualdade entre homes e mulleres.

Decreto 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia:

-Valoración positiva e respecto polas diferencias, aceptación da identidade e características das demais persoas, evitando actitudes discriminatorias.

-Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado feminino e masculino. Mantemento dunha actitude crítica ante os estereotipos ofertados a través da publicidade e outros medios de comunicación social.

Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia:

a) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

b) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

c) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

CONTEXTO DO CENTRO

a) Proxecto Educativo: o proxecto educativo do centro non realiza alusións á igualdade.

b) As NOF e o Plan de Convivencia están sendo elaborados.

c) Plan de atención á diversidade: as alusións á igualdade aparecen en distintos puntos do plan:

- Introdución: “*dar as respostas educativas que compensen as desigualdades derivadas das circunstancias individuais, pensar nun currículo aberto, recoñecer e valorar as distintas culturas e orixes, implicar a toda a comunidade, poñer a disposición do alumnado todos os medios posibles, rexerse polos principios de integración e normalización...*”.

- Obxectivos: “*garantir a igualdade de oportunidades*”.

- Programas de habilidades sociais e mellora da convivencia: “*O profesorado detectará as necesidades xerais mediante o emprego dalgunha técnica, como pode ser a escala de observación, e determinará os obxectivos do programa, a duración do mesmo e o tipo de actividades máis adecuadas*”.

- Avaliación do plan:

OBXECTIVOS	1ª AVAL.	PROPOSTA DE MELLORA	2ª AVAL.	PROPOSTA DE MELLORA	3ª AVAL.	PROPOSTA DE MELLORA
Fomento da igualdade de oportunidades						

d) Outras actividades:

- Consello Escolar:

Creación da comisión de igualdade dentro do seo do consello escolar.

Esta comisión, xunto coa ANPA, conseguiu financiación para a realización de actividades para a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero, financiadas polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

- Claustro de profesorado:

-Contratos-programa: participación en IGUALA-T e INCLÚE-T.

-Participación no Club de ciencia. Dentro das actividades previstas está a de visibilizar as mulleres científicas.

3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia

Analizar a situación do centro supón reflexionar e modificar pautas de desigualdade asociadas ao funcionamento do centro: uso da linguaxe, proposta de actividades, distribución de espazos, interacción coas familias, etc. É IMPORTANTE NESTE SENSO QUE A FORMACIÓN E INFORMACIÓN SOBRE TEMAS AFECTIVO- SEXUAIS ESTEA NORMALIZADA ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA, SEN QUE A DIVERSIDADE CHEGUE A CHAMAR A ATENCIÓN. NA NOSA CONTORNA É UN OBXECTIVO EDUCATIVO A LONGO PRAZO.

Explicaremos esta análise dende dous planos:

a) **Intervencións sobre a cultura do centro:** trátase de corrixir a posición do centro en relación coa promoción da igualdade en aspectos como a formación do profesorado, o compromiso do equipo directivo, o proceso de identificación de necesidades, a planificación e a xestión da intervención coeducativa, a integración dos obxectivos de igualdade no currículo, etc.

Neste senso, como xa se comentou na introdución, estanse a realizar actividades de xeito sistemático. Víñanse facendo en datas concretas e puntuais, así como introducidas a través de distintos contidos, sen embargo, no presente curso estará visible cada mes, coa fin de concienciar á comunidade educativa, formal, e conseguir que de xeito automático se interioricen accións a prol da igualdade.

b) **Intervencións sobre o modelo organizativo:** supón incidir directamente na práctica e funcionamento do centro, mediante unha análise, entre outros, dos seguintes aspectos:

- A representación dos sexos no conxunto da estrutura da comunidade educativa. Implica revisar o reparto de tarefas e responsabilidades para conseguir que sexa realmente máis equitativo en canto á ocupación de cargos e composición dos órganos directivos, por exemplo.

No momento actual, no consello escolar da infancia, a presidencia é ocupada por unha nena e o posto de secretaría é ocupado por un neno.

O equipo directivo está formado por tres mulleres (no centro, hai quince docentes con praza

definitiva, dos cales doce son mulleres, e tres son homes).

As persoas representantes das familias dentro do Consello Escolar son tamén mulleres.

- As decisións que afectan á distribución por sexo na ocupación de espazos, no uso dos tempos.

No patio estanse a facer modificacións que favorecen o uso igualitario, sen embargo, aínda quedan unha pista de fútbol e outra de baloncesto que acostuman a ser utilizadas máis por nenos que por nenas.

- Uso da linguaxe.

Implica traballar o aspecto comunicativo, identificando e modificando o uso discriminatorio da linguaxe nos materiais didácticos, no discurso do profesorado, na documentación e sinalética (carteis, anuncios...) do centro.

Nos documentos de centro, apréciase a invisibilización das mulleres mediante o uso do masculino como xenérico, en expresións do tipo “os alumnos” para referirse ao alumnado.

En ocasións aínda se aprecian diferenzas na adxectivación empregada para dirixirse a nenos e nenas, por exemplo, tranquilidade asociado a nenas e inquedo asociado a nenos.

Os carteis ou o material didáctico (elaborado polo profesorado) acostuma a ter en conta a igualdade.

- Contidos curriculares.

Diminución da transmisión de contidos sexistas e dunha visión androcéntrica do coñecemento, por exemplo, empézase a visibilizar o papel das mulleres como suxeito activo dos feitos que se ensinan: na ciencia, na historia, etc.

- Desenvolvemento persoal do alumnado.

Trátase de reconstruír os modelos tradicionais de feminidade e masculinidade e sentar as bases dun novo paradigma do que significa ser home ou muller na sociedade actual.

Comézanse a traballar nalgunhas aulas cuestións como:

- ✓ Desenvolvemento e autonomía persoal do alumnado, ofrecendo novos modelos de masculinidade, pautas para a construción non estereotipada da autoimaxe e da autoestima, etc.

- ✓ Análise da convivencia e das relacións interpersoais, potenciando o mundo relacional a través da educación afectivo-sexual, da prevención da violencia de xénero.

4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan

Para planificar o camiño ata onde queremos chegar, é necesario saber de onde partimos. En función dos resultados que saian deste proceso de autoavaliación inicial, a planificación coeducativa a curto e medio prazo e os proxectos a través dos que se desenvolva poderá ser máis ou menos ambiciosa. En calquera caso, partimos das seguintes premisas:

- Non é posible coeducar sen o convencemento de que reconstruír as relacións entre mulleres e homes en igualdade é un tema importante, que merece ser abordado desde a escola.
- É preciso ser consciente de que o coñecemento social e científico-técnico non é neutral. Trátase de recuperar as “voces ausentes na selección do coñecemento”, recuperando o protagonismo e os saberes das mulleres.
- Debemos considerar a realidade actual que inflúe no alumnado, moi diferente á das familias e profesorado, e potenciar o coñecemento e respecto a un/unha mesmo/a e aos/ás outros/as no eido afectivo- sexual, evitando que determinados temas continúen sendo tabúes, rexeitando a evolución da propia sociedade.

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

- Avaliar as necesidades.
- Manter o criterio de paridade ao elaborar os grupos ao inicio de cada curso académico, sempre e cando sexa posible.
- Fomentar entre os alumnos a participación no patio en espazos tradicionalmente femininos como a casaña, e nas alumnas a participación nos xogos, ben sexa baloncesto/fútbol ou noutros que se poidan organizar.
- Conseguir o mesmo grao de motivación entre nenas e nenos cara ao éxito académico.
- Eliminar a linguaxe sexista tanto nas aulas como en todos os espazos do centro.
- Procurar non empregar materiais sexistas.
- Recoñecer ou identificar os micromachismos na vida cotiá para concienciar ao alumnado da necesidade de ir cambiando os comportamentos, incluso aqueles dos que non se é moi consciente.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero

- Fomentar o respecto entre o alumnado e o profesorado, independentemente do seu sexo.
- Identificar posibles actitudes violentas cara as mulleres, tanto alumnas como profesoras ou persoal non docente.

- Ser intolerantes diante de calquera signo de comportamento machista.
- Comprender a non xustificación da violencia en xeral, e en particular cara as mulleres, independentemente das circunstancias e/ou rol “superior” de quen a exerce.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

- Fomentar activamente a INFORMACIÓN e autoconecemento sobre o propio corpo e os límites persoais, adaptados a cada nivel: bibliografía para cada idade, charlas, contacontos, testemuñas...
- Coñecer e valorar a diversidade familiar existente na actualidade e a súa terminoloxía.
- Normalizar a existencia de vínculos afectivos-sexuais entre persoas do mesmo sexo.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia

- Non consentir nas aulas ningún tipo de burlas ou menosprezo cara ás persoas con diferentes tendencias sexuais.
- Traballar a tolerancia desde as titorías coñecendo realidades diferentes e as consecuencias que provoca a intolerancia.
- Involucrar á comunidade educativa para detectar e previr posibles casos de LGBTIfobia.
- Axudar ao profesorado para que saiba previr, detectar e intervir en casos de LGBTIfobia.

5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos

5.1. Organización do centro

- Participación activa da comisión de igualdade.
- Difusión do plan de igualdade, PAD.
- Emprego dunha linguaxe inclusiva nos documentos institucionais, comunicacións no espazo ABALAR, nomes dos espazos, etc.
- Emprego de espazos comúns que teñan en conta a xestión igualitaria, e polo tanto, a coeducación, prestando especial atención aos recreos, xogo de roles, deportes, etc.
- Escola de familias: charlas e obradoiros con temática de igualdade.
- Colaborar coa ANPA na organización de actividades.
- Incorporación da perspectiva de xénero nas programacións didácticas e materiais curriculares.
- Emprego de metodoloxía que favoreza a aprendizaxe cooperativa.

- Visibilización na radio escolar, prensa e TV, páxina WEB, etc.
- Celebración dalgunhas actividades complementarias que teñen por obxectivo sensibilizar a situación da muller na sociedade (por exemplo, a violencia de xénero).
 - Aproveitar situacións que non sigan pautas igualitarias para explicar ao alumnado a presenza de estereotipos e a súa orixe.
 - Aproveitar os achegamentos informais, por exemplo, nos faladoiros, para recompilar información sobre as súas necesidades, intereses, conflitos, discrepancias ou diferenzas.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes

- Análise das programacións didácticas anuais.
 - Fomentar no día a día a inclusión e a diversidade, por exemplo, á hora de elaborar grupos de traballo.
 - As lecturas e o material elaborado polo profesorado deberán ser revisadas.
 - Traballar a intelixencia emocional a través da sesión de emocional, do programa de Educación Responsable e coa axuda do Departamento de Orientación, de precisarse.
 - Continuar revisando o fondo bibliográfico da biblioteca para expurgar o material que é contrario aos principios deste plan.
 - Solicitar formación para profesorado nesta materia, por parte da Consellería de Educación e/ou entidades que teñan unha traxectoria neste eido e que poidan aportarnos ferramentas e colaboración.
 - Os proxectos que se leven a cabo deberán estar libres dos estereotipos de xénero.
 - Fincapé no día da muller traballadora e a ruptura de roles de xénero e que esa perspectiva sexa positiva. Buscar exemplos próximos.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo

- Ter presente na aula ás alumnas, aínda que “ se porten ben”, dedicarlles tempo e atención.
- Regular, mediante acordos, o uso das zonas de traballo e ocio, respectando os intereses das alumnas e dos alumnos.
 - Coidar que en Educación Física non se reproduzan estereotipos sociais, combinando actividades que requiran forza e competitividade con outras que requiran coordinación, flexibilidade e ritmo.
 - Repartir o tempo adicado a ordear, limpar ,coidar materiais, decorar...de forma equitativa.
 - O profesorado velará para que non se dean comportamentos de abuso, burlas, acoso ou

calquera conduta impropia nos corredores ou nos recreos.

- Continuar nos recreos coa creación de espazos para os diferentes intereses e que sexan lugares seguros e libres de LGTIBfobia.

- Incluír un apartado para as accións e a información na páxina web do centro.

- Cando se leven a cabo arranxos e reformas, ter presente a perspectiva de xénero.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

- Desde o Plan de Atención á Diversidade e desde o Plan de Acción Titorial trabállase sempre cos valores que inspiran este Plan de Igualdade.

- A comisión de Convivencia incluírá nas súas reunións os aspectos que neste plan se recollen.

- Traballar dun xeito prioritario cos problemas que se xeran a través das redes sociais.

- Aplicar os protocolos que xa existen neste eido.

- Facer partícipe ao alumnado nesta tarefa, que investigue e recoñeza comportamentos inapropiados e que podan causar dano a outras persoas.

- Valoración positiva das tarefas domésticas e dos homes coidadores.

- Implicación das familias nas formacións e nas dinámicas realizadas dentro do horario escolar.

6. Seguimento e avaliación

- Grao de cumprimento dos obxectivos plantexados.

- Número de actividades realizadas.

- Enquisas ao final de curso (profesorado, familias e alumnado) sobre a pertinencia das actividades, a eficiencia das mesmas, o impacto...

7. Glosario

(Extraído do I Plan de actuación para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020)

ACCIÓN POSITIVA: co efecto de promocionar a igualdade entre mulleres e homes, non se considerarán discriminatorias as medidas especiais encamiñadas a acelerar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, sen que, en ningún caso, estas medidas poidan supoñer, como consecuencia práctica, o mantemento de regulacións separadas. As medidas de acción positiva manteranse mentres non estean plenamente acadados os obxectivos de igualdade de

oportunidades.

ACOSO MORAL POR RAZÓN DE XÉNERO: a situación en que se produce un comportamento non desexado relacionado co sexo ou xénero dunha persoa, co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade da persoa e de crear un medio intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.

ACOSO SEXUAL: a situación en que se produce calquera comportamento verbal, non verbal ou físico non desexado de índole sexual, co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.

COEDUCACIÓN: método de intervención educativo que vai máis alá da educación mixta e cuxas bases se fundamentan no recoñecemento das potencialidades e individualidades das nenas e nenos, independentemente do seu sexo. A coeducación é, polo tanto, educar dende a igualdade de valores, oportunidades e trato ás persoas.

CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL: creación dunha estrutura e organización da contorna laboral que facilite a mulleres e a homes a combinación do traballo, as responsabilidades familiares e a vida persoal.

CORRESPONSABILIDADE: repartición equitativa das responsabilidades domésticas e do coidado das persoas entre mulleres e homes. No reparto dos coidados é imprescindible que o tempo adicado á crianza das fillas e fillos por parte das persoas proxenitoras sexa igual. O significado da corresponsabilidade social ten como obxectivo aumentar a implicación das persoas na repartición das responsabilidades domésticas e familiares, especialmente dos homes, para estenderse a outros axentes sociais e instancias públicas e privadas.

DISCRIMINACIÓN: o concepto de discriminación incluirá: a) O acoso ou acoso moral por razón de xénero e o acoso sexual, así como calquera trato menos favorable baseado no rexeitamento de tal comportamento por parte dunha persoa ou o seu sometemento a el. b) A orde de discriminar persoas por razón do seu sexo ou xénero. c) O trato menos favorable a unha muller en relación co embarazo ou permisos relacionados coa maternidade.

DISCRIMINACIÓN DIRECTA: a situación en que unha persoa sexa, fose ou puidese ser tratada por razón de sexo ou xénero de maneira menos favorable que outra en situación comparable.

DISCRIMINACIÓN INDIRECTA: a situación en que unha disposición, un criterio ou unha

práctica aparentemente neutros sitúan persoas dun sexo determinado en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro sexo, agás que a devandita disposición, criterio ou práctica poidan xustificarse obxectivamente cunha finalidade lexítima e que os medios para alcanzar a devandita finalidade sexan adecuados e necesarios.

EMPODERAMENTO: termo empregado na IV Conferencia Mundial das Mulleres para referirse ao aumento da participación feminina nos procesos de toma de decisión e acceso ao poder. Inclúe o fortalecemento da súa posición social, económica e política e busca reducir ou eliminar as relacións de poder entre os sexos.

ESTEREOTIPO DE XÉNERO: fai referencia a unha serie de ideas impostas, simplificadas, pero fortemente asumidas sobre as características, actitudes e aptitudes das mulleres e dos homes. Estas ideas, fixas, asúmense como naturais e serven para clasificar as persoas sen ter en conta as súas realidades individuais polo que se establece un modelo do feminino e do masculino nun contexto dado e se normativiza ou categoriza os membros da sociedade de acordo con iso.

FEMINISMO: movemento que procura a Igualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos da vida.

FENDA DE XÉNERO: é a diferenza entre as taxas masculina e feminina na categoría dunha variable producida pola desigualdade de xénero. As máis coñecidas son:

-fenda salarial: diferenza relativa que existe na medida dos ingresos brutos por hora, de mulleres e homes en todos os sectores da economía.

-fenda dixital: diferenza no acceso e no uso das tecnoloxías da información. Fálase de 1a fenda dixital cando se trata do acceso, 2a fenda dixital cando se analiza o uso e a intensidade das TIC e de 3a fenda dixital cando nos referimos a aspectos máis cualitativos como son o uso diferencial de servizos avanzados.

HOMOFOBIA: aversión, odio, medo, prexuízo ou discriminación contra mulleres ou homes homosexuais, bisexuais ou transexuais.

IDENTIDADE SEXUAL: autodefinición que a persoa fai de si mesma como pertencente a un sexo.

IDENTIDADE DE XÉNERO: autodefinición da persoa como pertencente a un dos xéneros establecidos culturalmente. Grao de asunción dos comportamentos, actitudes, etc., asociados ao devandito xénero.

IGUALDADE: en coeducación, enténdese como igualdade de dereitos e oportunidades entre as persoas, independentemente do sexo ou xénero ao que pertencen.

IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES: fundamentado no principio de Igualdade, refírese á necesidade de corrixir as desigualdades que existen entre mulleres e homes na sociedade. Constitúe a garantía de que mulleres e homes poidan participar en diferentes esferas (económica, política, participación social, de toma de decisións...) e actividades (educación, formación, emprego...) sobre bases de igualdade.

IGUALDADE DE TRATO: a igualdade de trato presupón o dereito ás mesmas condicións sociais, de seguridade, remuneracións e condicións de traballo, tanto para mulleres como para homes.

INTERSEXUAL: termo xeral que se emprega para referirse a unha variedade de condicións nas que unha persoa nace cunha variación nas características sexuais (anatomía sexual, órganos reprodutivos e/ou mapa cromosómico) que non encaixa nas definicións pechadas de home ou muller. Pode ser algo patente no nacemento ou pode descubrirse ao longo da vida.

INVISIBILIZACIÓN: proceso polo que certas persoas, acontecementos, actitudes e comportamentos pasan desapercibidos pola interiorización dos patróns culturais nos que se está inmerso.

LINGUAXE INCLUSIVA: é aquela que fai visible a existencia dos sexos, utilizando diversas fórmulas para fomentar unha visión do mundo na que se inclúan mulleres e homes. É unha linguaxe completamente correcta desde unha perspectiva gramatical, que busca superar o sexismo lingüístico e o androcentrismo.

LINGUAXE SEXISTA: uso da linguaxe que fomenta a discriminación das mulleres, é dicir, utiliza o masculino como xénero gramatical que inclúe o feminino, invisibilizando as mulleres.

MICROMACHISMO: comportamento ou expresión “invisible ou de escasa visibilidade” da violencia e dominación, que con frecuencia, algúns homes realizan no ámbito das súas relacións.

MACHISMO: conxunto de actitudes, condutas, prácticas sociais e crenzas destinadas a xustificar e promover o mantemento dunha situación discriminatoria contra as mulleres e contra todas as persoas que non asumen o patrón masculino socialmente dominante.

ORIENTACIÓN SEXUAL: é a atracción emocional ou sexual que se sente cara outra persoa. Se a atracción é cara alguén do mesmo sexo, falamos de homosexualidade; cara a unha

persoa de diferente sexo, é heterosexualidade, e atracción por persoas de ambos os sexos é chamada bisexualidade.

PATRIARCADO: sistema familiar, social, ideolóxico, político e económico caracterizado polo dominio do home nos diferentes ámbitos.

PERSPECTIVA DE XÉNERO: enfoque que ten en consideración as diferenzas entre mulleres e homes en calquera actividade ou ámbito co obxectivo de acadar unha igualdade real e efectiva..

ROLES DE XÉNERO: conxunto de papeis e expectativas diferentes para mulleres e homes que marcan a diferenza respecto a como ser, como sentir e como actuar. Estes roles son asignados pola sociedade na que vivimos e, como consecuencia diso, as persoas desenvólvense como mulleres ou coma homes identificándose cos roles que polo seu sexo lles foron asignados.

SEGREGACIÓN LABORAL DAS MULLERES: refírese á concentración das mulleres en determinadas ocupacións e/ou familias profesionais que, xeralmente, caracterízanse por ter condicións de emprego pouco satisfactorias, baixos salarios e poucas oportunidades de formación continua e adquisición de cualificacións engadidas. A segregación pode ser

horizontal, cando a concentración se produce en determinadas ocupacións/familias ; e vertical, cando as mulleres se concentran en postos de baixa responsabilidade.

SEXISMO: actitudes que inciden, favorecen e perpetúan a desigualdade por razón de sexo e/ou xénero.

SEXO: conxunto de diferenzas biolóxicas (anatómicas e fisiolóxicas) entre homes, mulleres e intersexuais.

SOCIALIZACIÓN: proceso de interiorización de valores e comportamentos provenientes da contorna no que a muller e o home viven, chegando a asumilos como propios e naturais.

TEITO DE CRISTAL: fai referencia á barreira invisible que impide ás mulleres o mantemento ou o progreso na súa carreira profesional. É unha forma de discriminación indirecta que obstaculiza a promoción das mulleres. Entre os principais factores que manteñen o «teito de cristal» destacan os relativos a aspectos externos e interactivos como a cultura organizacional e as responsabilidades domésticas e familiares. Por tanto o «teito de cristal» está formado por unha superficie superior invisible na carreira laboral e social das mulleres, difícil de traspasar, que as impide seguir avanzando.

TOLERANCIA CERO: resolución formulada polo Parlamento Europeo en 1997, que ten

como obxectivo modificar as actitudes na sociedade, de maneira que, baixo ningún concepto, se tolere ou permita a violencia contra as mulleres a nivel individual, colectivo e institucional.

TRANSEXUALIDADE: caracterízase por presentar unha discordancia entre a identidade de xénero e o sexo biolóxico.

TRANSVERSALIDADE: en coeducación, supón a inclusión da perspectiva de xénero na elaboración, desenvolvemento e seguimento de todas as actuacións que afecten, directa ou indirectamente, a comunidade educativa.

TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO: integración sistemática das situacións, prioridades e necesidades das mulleres e homes, respectivamente, en todas as políticas e actividades, con vistas a promover a igualdade entre ambos os dous xéneros. Implica dar prioridade ao criterio de xénero en todo o que se leve a cabo.

VIOLENCIA MACHISTA: é o conxunto de actitudes activas ou pasivas polas que se exerce unha violencia física, psíquica, sexual, emocional e social que trata de impor o conxunto de crenzas, estereotipos e relacións de dominación baseadas no ideario do machista e patriarcal. Este concepto inclúe a violencia de xénero e outras manifestacións de intolerancia e de dominación como a homofobia ou a aversión ás persoas que non actúan conforme aos roles que se lle presupoñen socialmente asignados ao seu sexo e xénero.

VIOLENCIA DE XÉNERO: termo acuñado na Conferencia Mundial sobre a muller en Pequín (1995) e que se define como todo acto de violencia sexista que ten como resultado posible ou real un dano de natureza física, sexual, psicolóxica, incluíndo as ameazas, a coerción ou a privación arbitraria de liberdade para as mulleres e as súas fillas e fillos menores, xa se produza na vida pública ou na privada.

XÉNERO: construción cultural segundo a cal se lles asigna ás persoas determinados papeis, ocupacións, expectativas, comportamentos e valores por razón do seu sexo.